



TEMA: O IMPRESIONISMO



CONTEXTO HISTÓRICO **OLLO!!!!** (válido para Impresionismo e Postimpresionismo)

O impresionismo nace no XIX. Nese momento Europa domina a economía e a política mundial.

Terán lugar unha serie de **cambios a nivel económico, político e social**:

- Hai un enorme **desenvolvemento político, social, industrial e tecnolóxico**: aparece o barco de vapor, o ferrocarril, o teléfono, a electricidade, avances na medicina.....
- Fórmanse novos estados como Italia e Alemaña.
- Hai unha **mellora xeneralizada** do nivel de vida e un **gran crecemento demográfico**.

Desde un **punto de vista artístico, a finais do XIX nace o impresionismo en Francia. Isto débese**

a:

- Nese momento era unha das maiores potencias económicas e artísticas.
- Estamos en pleno II Imperio Francés con Napoleón III
- París, berce do Impresionismo, vivía **unha transformación urbana** levada a cabo por Haussman (trazado do ensanche da cidade)

Co Impresionismo acaba un proceso iniciado no mundo da pintura: a representación da realidade. É un movemento pictórico, pero tamén podemos falar de música, ou escultura. Preocupación esencial do Impresionismo é a captación do instante na realidade.

Que influencias recibe? Hai dous descubrimentos fundamentais:

- **A FOTOGRAFÍA**: aporta ideas como novos enfoques, primeiros planos....
- **AS TEORÍAS DA COR DE CHEVREUL**: as cores e as súas relacións (importantísimo)
- E logo cuestións como os **AVANCES NO MUNDO DA QUÍMICA**: comercialización dos tubos de cor, poder pintar ao aire libre, etc.

INFLUENZAS NA APARICIÓN DO IMPRESIONISMO:

| PICTÓRICAS | CIENTÍFICAS | SOCIOECONÓMICAS |
|---|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Velázquez, Goya, Greco, Rembrandt, Halls. - Escola veneciana XVI (Tiziano, Tintoretto). - Paisaxistas ingleses (Turner e Constable). - Realismo francés do XIX. - Paisaxistas de Barbizón - Estampa xaponesa (liñas simplificadas, contornos vigorosos, tintas lisas). | <ul style="list-style-type: none"> - Descubrimiento do vapor, ferrocarril. - Uso xeneralizado da máquina de fotos, o mundo da fotografía que abre novas posibilidades. - Adiantos no mundo da química (venda pigmentos en tubo). - Adiantos no mundo da física e da óptica. | <ul style="list-style-type: none"> - Progreso económico - Sociedade alegre - Éxito de bulevares: cafés, mercados, estacións. - Maior dinamismo e rapidez no xeito de vida. |

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DO IMPRESIONISMO

Os impresionistas non foron un grupo homoxéneo e cada pintor tiña a súa propia personalidade pero pódense establecer uns trazos comúns:

- Poñen en práctica, é dicir, **aplican as novas teorías da cor** (coñecen e empregan os novos descubrimentos de Chevreul:
 - A lei de contrastes simultáneos: As formas son o resultado de xustapoñer cores:
 - **Existen tres cores primarias: amarelo, vermello e azul e tres complementarios (violeta, verde e laranxa).**
 - **En vez de fundilas cun pincel ou nunha paleta usan as cores puras e é o ollo do espectador o que as mestura.** As complementarias potencianse xunto as primarias que non estan na súa mestura. Asi as cores resultan claras e luminosas, (se mesturas vermello e marelo o espectador ve laranxa), eliminan negros, grises...



- Empregan unha **temática variada** aínda que se dí que o impresionismo **é a negación** do tema. **O que estea diante do cabalete**, as paisaxes rurais, urbanas, bailes, regatas, bulevares, paseos, carreiras de cabalos, xardíns.... e tamén interiores con luces artificiais e brillos de cristais. Non lles preocupa a mensaxe política ou social. O impresionismo é a negación do tema.
- **Paixón pola pintura a plein air**: foxen ao campo. Pintan chuvia, neboa, o sol... Prescinden da perspectiva xeométrica, **a súa é unha perspectiva intuitiva**.
- Empregan unha **técnica nova**, de **pinceladas rápidas e soltas, pastosas**, con toques xustapostos. Aos artistas interésalles que o cadro teña vida, vibracións...
- É unha **nova gama cromática, con novas cores** e **desaparecen as sombras** (agora as sombras teñen tonos complementarios). Usarán gama luminosa de **brancos, azuis, vermellos, violetas, marelos, laranxas**. Colorean as sombras, así que estas desaparecen.
- **Nova relación entre o artista e o público**: agora o público, o espectador, ten que participar na obra de arte e concluír o traballo feito polo pintor: o cadro está inacabado sen a mirada do observador, é so unha impresión que é necesario reconstruír.

Nota: as estampas xaponesas circulaban por Europa, por París e ensinaban novas formas aos occidentais como composicións descentradas, cores planas e simples, por exemplo.

Os principais pintores impresionistas son Monet, Degas, Renoir, Sisley, Pissarro e Berthe Morisot. Non gozaron do favor do público. Os seus cadros foron rexeitados dos Salóns Oficiais.

O estilo aparece no ano 1874 cando celebran a súa primeira exposición conxunta na galería do fotógrafo Nadar. Un dos cadros expostos - *impresión soleil levant*- serviu para designar aquelas pinturas: *Impresionismo*; así denominadas despectivamente polo crítico Leroy.

(As burlas duraron ata os anos 80 en que algún comeza a ter sona. Podemos falar de Impresionismo ata finais dos anos 70. Nos anos 80 algúns artistas experimentan novos camiños e tan so algúns, como Monet, continúan con esta linguaxe).

ÉDOUARD MANET (1822-1883)

OBRA: *Almorzo campestre (Dejeuner sur l'herbe)*

AUTOR: *Edouard Manet*

CRONOLOXÍA: 1863

ESTILO: *Pintura preimpresionista, precedente do impresionismo.*

TÉCNICA: Óleo

DIMENSIÓN: 2x2,60m.

Manet é considerado precursor do Impresionismo (preimpresionismo). Os que logo serían impresionistas admirábano; él sostivo o seu propio estilo a pesar do **constante rexeitamento da súa pintura** por parte dos Salóns Oficiais. Tiña **unha sólida formación cultural**. Admiraba a Tiziano, Tintoretto, Velázquez, Goya.... Por iso **a súa pintura nace dos museos** e non da natureza. Isto **é a principal diferenza co resto dos impresionistas**

Que admiraban os xóvenes impresionistas del?

- ✓ Que os seus temas eran antiacadémicos
- ✓ eliminaba o acabado dos cadros (os seus cadros parecen inacabados, sen capa verniz).





Comentario

Este cadro **provocou un forte escándalo** na sociedade francesa cando foi exposto. Foi **rexeitado do Salón Oficial** de 1863 e **declarado indecente**. Levouse para o **Salón dos Rexeitados**. Hoxe está exposto no Museo de Orsay e considérase un claro **precedente do Impresionismo**.

Tema

Un grupo de parisinos nun día de campo. Curiosamente está inspirado nun tema clásico: O *Concerto campestre* de Giorgione e o *Xuizo de París* de Rafael (No cadro de Giorgione aparece unha muller espida en medio de dous homes.)

Descrición

- É un día de campo, nun claro dun bosque,
- Unha muller espida, que mira ao espectador a carón de dous homes vestidos elegantemente, catro personaxes que foron a almorzar na beira dun río.
- Os protagonistas son o seu irmán Eugene, que leva o bastón, o escultor holandés Ferdinand Leenhoff e unha modelo chamada Vitoria.
- En primeiro plano as roupas das mulleres e os restos do almorzo (bodegón de cesta con froitas e sombreiro, de gran calidade). Ao fondo, entre as árbores, outra muller agochada parece refrescarse nun regato.

Cores

As cores son chamativas: **unha gran gama de verdes** pero tamén emprega azuis, amarelos... É un pintor que non rexeita o negro (os impresionistas non o usan)

Causou un gran escándalo debido a:

- á falta de tema: usou un tema clásico pero representado como se foran parisinos e non divinidades.
- o xeito de representalo.

Recibiu críticas:

1. Criticouse a composición: ao público no lle gustou porque parecía unha composición caótica. Os personaxes parece que están recortados, planos, colocados diante dunha paisaxe. A muller do fondo **parece flotar no aire** e é demasiado pequena. Parecía que Manet pasaba dos estudos tradicionais e só no bodegón da esquerda amosa a perspectiva tradicional. (A perspectiva tradicional mantense no bodegón da esquerda, quizás para demostrar que é un pintor que coñece ben a pintura tradicional.)
2. Criticouse a técnica: **grandes manchas de cor planas con pinceladas pastosas que se notan** (non eran habitual que se notaran).



3. Criticouse a cor: As manchas de cor clara (como pode ser a camisa ou o espido) aparecen a carón das escuras como as chaquetas, pero non de xeito gradual senón brusco. **Manet rexeita o uso de claroescuro tradicional.**
4. Criticouse o debuxo: **Non hai liñas**, aparecen as figuras recortadas sobre o verde; as follas ou os reflexos van perdendo nitidez cara o fondo.
5. Criticouse tamén a luz: O habitual era que as escenas se iluminaran lateralmente. Era iluminación estraña xa que a luz vén do fondo e polo lateral.

O resultado: parece un cadro sen acabar!!!!!! Pero a verdade é que el o que fixo foi traballar doutro xeito: En realidade a composición si está organizada en triángulos de distintos tamaños, uns teñen o seu vértice nas cabezas masculinas, outro na figura feminina que se refresca e outro, o maior, ten o seu vértice no paxaro que aparece na parte superior do cadro. **É dicir, traballouna pero de xeito distinto ao tradicional.**

E tamen hai profundidade: a profundidade acádase ao colocar as árbores como telóns dun escenario.

Conclusión

O cadro non gustou porque Manet **emprega nel unha linguaxe persoal, moi diferente** ao establecido. **Estamos ante unha revolución estética.** A súa linguaxe si que **foi entendida polos novos pintores, os novos impresionista;** mentres, **o público**, acostumado aos espidos mitolóxicos ou alegóricos, **non entendeu a nova linguaxe.**

Esta obra non é plenamente impresionista o pero foi o modelo a seguir por moitos artistas impresionistas.

LER

Neste cadro liberalízase o tema, como logo farán todos os impresionistas: non hai contido moral, ideolóxico...Simplemente ispe a uns e a outros non para marcar os contrastes e coloca estes personaxes sen relación.

Mantén contacto cos clásicos (Tiziano...), ten influencia da estampa xaponesa, a cor aplicada con manchas, o gusto por representar figuras humanas, importancia do primeiro plano fronte ao profundo, uso do negro...

MONET (1840-1926)

OBRA: *Impresión do sol nacente*

AUTOR: *Claude Monet*

CRONOLOXÍA: 1874

ESTILO: *Pintura impresionista*

TÉCNICA: Óleo

LOCALIZACIÓN: *Museo Marmottan de París.*

É o pintor impresionista por excelencia. Pintou cerca de 3000 cadros. Era amante da vida parisina, do aire libre, das tertulias nos cafés... era **menos teórico que outros impresionistas.** Participa na primeira exposición de 1874.

Na Academia Suíza coñece a *Pissarro* e no obradoiro de *Gleyre* a *Renoir*, *Sisley*... No ano 1870 viaxará a Londres e alí coñece a pintura de *Constable* e *Turner* e logo vivirá en Francia, en Argenteuil, cerca de París. Ao final da súa vida establécese en Giverny, onde construírá o famoso xardín xaponés que tantas veces pintou.



OS TRAZOS QUE O CARACTERIZAN son:

- **Pinta especialmente a luz e es efectos dela:** brillo, reflexos, efectos atmosféricos...
- **Ten pincelada solta**, lixeira, de tal xeito que o resultado **é abocetado**
- ***Non usa liñas nin contornos.*** Deste xeito **chegará ao final da súa vida a unha disolución das formas**, a unha abstracción, favorecida non tanto por un razonamento intelectual senon por a perda progresiva de visión.

No século XIX o único xeito de darse a coñecer no mundo da pintura era expoñer nos Salóns Oficiais nos que rigurosos xurados seleccionaban as obras. O rexeitamento en 1863 da obra de Manet *Dejeuner sur l'herbe* dera lugar á creación dun *Salón para os Rexeitados*.

Había un grupo de pintores que se reunían no Café Guerbois. Decidiron facer unha exposición alternativa e **organizárona na galería do fotógrafo, amigo, Nadar**. Acudiron máis de tres mil persoas que se iron da pintura tan moderna que alí se expoñía. Monet acudiu a esta exposición con nove cadros, un deles era este *Impresión soleil levant*. Este cadro deu nome ao movemento.

(El título del cuadro hizo que un crítico de arte (Louis Leroy) denominara despectivamente al movimiento "impresionismo" y los artistas que participaron en la exposición en la sala del fotógrafo Nadar (antiacademicismo) lo aceptaron.)

Tema

É unha paisaxe que representa o porto de O Havre. Tres barcas navegan polo porto, mentres no fondo, entre a néboa e o fume, sae o sol.

Descrición

- A fondo todo aparece difuminado, adiviñanse **grandes barcos cos mastros** e as **chemineas fumeantes** das fábricas do porto.
- **o sol, unha bola laranxa**, e intenta abrirse paso.
- **As formas reflectense no mar.**
- Na auga navegan **tres pequenas embarcacións á remo**. O punto de atención é a barca coas dúas figuras sobre o mar tranquilo.
- O sol **provoca magníficos reflexos laranxas** na auga e no ceo. Na auga aparecen como **unha franxa estreita** feita con pinceladas horizontais de cor laranxa que se van espaciando a medida que se achega ao espectador.
- O **ceo e a auga fúndense** nunha tonalidade única, violácea, **alterada polas pinceladas** coas que se trazan as siluetas máis escuras das barcas e das grúas portuarias.

Como dicía Monet, non é unha representación exacta do porto, **é a impresión causado pola visión da saída do sol.** O que é importante é a atmosfera do momento.



Técnica

Propia do impresionismo: ***pinceladas moi rápidas*** (pintura a plein air) e ***empastadas*** onde se pode ver ata a dirección do trazo do pincel. Son diferentes dependendo do sitio onde están: **no ceo son máis amplas que na auga, na que son máis curtas e cargadas.**

Perspectiva

As barcas contribúen a dar profundidade. A primeira vese claramente, as outras intúense pero **xuntas crean unha diagonal** que dan profundidade ao lenzo. ***Non hai unha perspectiva tradicional, é intuitiva.***

Cores

En canto a cores: azul, laranxa, rosa, verde, violeta. Por exemplo **o azul é complementario do laranxa** (*lei contraste simultáneo* descuberta en 1839 polo químico Chevreul) e ao poñerse próximos, poténcianse. As sombras fanse coas mesmas cores.

Conclusión

Exemplo claro das características do impresionismo. ***Non se queren detalles, só captar o instante.*** En canto a ***presenza humana*** só se intúe xa que está ***representada dun xeito esquemático*** mediante os pescadores e que ***aparecen como manchas escuras soltas.*** **IMPORTANTE: xa non é un cadro que reproduza a realidade; o cadro é autónomo.**

Esta obra, xunto ao resto das obras impresionistas, foron **un fenda na historia** da pintura pola que se vai a iniciar un ***camiño de renovación*** na arte occidental

OBRA: *A catedral de Rouen*

AUTOR: *Claude Monet*

CRONOLOXÍA: *1893-94*

ESTILO: *Pintura impresionista, serie*

TÉCNICA: *Óleo*

LOCALIZACIÓN: *Museo de Orsay, París.*



Neste caso teremos que falar dunha característica da súa obra: **As series**. O concepto de serie fai referencia a **un grupo de cuadros que teñen o mesmo tema, con lixeiras variacións en función da luz**. En 1877 Monet pinta a serie *Gare de Saint Lazare* e en 1892 pinta a serie *Catedral de Rouen*.

Tema

A fachada da catedral de Rouen. Así que estamos ante un cuadro desta serie que ten como tema a fachada desta catedral francesa. Son **arredor de vinte obras a distintas horas do día e iluminada de xeito diferente**. O que realmente pinta é a **iluminación da catedral** e as variacións desa iluminación. O pintor **demonstra que a luz pode cambiar a realidade** e os obxectos, segundo incida sobre eles e tranforma ata a pedra.

Para realizar a obra alugou unha habitación próxima e así captar a luz ás diferentes horas do día.
(Aquí hai que fixarse na obra xa que depende da obra que esteamos a ver)

- Soe pintalas desde un **punto de vista moi próximo** o que anula a perspectiva
- **Corta partes**, así que aparecen fragmentos da fachada.



- Na imaxe vemos unha das fachadas da catedral onde se adivinan **formas arquitectónicas como arcos apuntados, pináculos, gabletes, torres...** propios da arquitectura gótica.
- As **formas arquitectónicas ocupan a práctica totalidade do lenzo** e só queda un reducido espazo superior onde está o ceo.
- Pequenas manchas escuras fan referencia á figura humana, (ás veces)

As formas son difíciles de identificar; parecen **disolverse nun remuíño de cores** que incluso parecen **anunciar a abstracción.**

Cores

(*Tes que especificar a cor que predominano cadro que analizas*)

Ás veces predomina o azul, os ocres máis intensos case dourados, os grises para días nubrados, os laranxas nas horas da tarde e iso **vai depender da hora á que se pintaba**. En xeral, **hai harmonía cromática**. O que lle importa realmente é a atmosfera e non a catedral. Interésalle o que está **entre o pintor e o edificio**. Píntaa ao amencer, ao atardecer, a mediodía....

Polo tanto a tonalidade é o que nos indica a hora do día ou a situación atmosférica.

Técnica

A pincelada está feita con **toques rápidos** e pequenos de cores puras que crean sensación de inacabado. **O debuxo desaparece, todo está desdebuxado.**

Conclusión

Estas obras son o punto culminante do impresionismo. Monet foi o pintor impresionista que se mantivo máis fiel ao estilo e non o abandonou ao longo de toda a súa vida. Esta obra, xunto ao resto das obras impresionistas, foron un fenda na historia da pintura pola que se vai a iniciar un camiño de renovación na arte occidental.

Ler: Monet

1. *Pinta temas onde se interesa polas **nubes, a auga e os efectos da luz** nesa auga xa que era o que mellor representaba os efectos cambiantes. Gústalle as paisaxes **con veleiros, pontes, barcas...** faino cunha pincelada lixeira, solta.*
2. *Desde os **anos 80 inicia as súas series**: un mesmo tema pintado varias veces para realizar ensaios de luz e cor. A Estación de Saint Lazare, onde reflicte os cambios de fumes e vapor, a Catedral de Rouen, a Ponte de Londres, Os nenúfares.. tamén pintará a neve, cando se vai a vivir a Ventheuil trala morte da súa esposa. (Son estes paisaxes de soidade e tristura)*
3. *Ao final da súa vida reduce **o seu mundo ao seu xardín de Giverny** e alí pinta a serie Nenúfares. É a fase final da súa pintura, que aínda que fiel ó impresionismo, xa temos unha disolución total das formas que nos acercan máis a abstracción . Monet é o impresionista que mellor reflicte a negación do tema. O lenzo so é o soporte onde el expresa os efectoslumínicos.*